

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA” PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA (EDLP) NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DAS ZONAS DE PESCA DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de conformidade, o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e actuando no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

E doutra, a asociación seleccionada a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, Asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra” (en adiante, GALP) con sede en Departamento de exportadores, 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, concello de Marín, código postal 36900, provincia de Pontevedra, e con número de identificación fiscal G36593606, representado pola súa presidenta, María del Carmen Vázquez Nores, co número de identificación fiscal 35308466Q, nomeada por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 18.2.g) dos seus Estatutos.

As dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente Convenio de Colaboración.

En Santiago de Compostela, a 21 de decembro de 2020

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1.2

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro



EXPOÑEN

Primeiro. Os oito grupos de acción local do sector pesqueiro e a Consellería do Mar asinaron convenios de colaboración para a aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do desenvolvemento sustentable das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

Segundo. O artigo 63.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, dispón no artigo 65.2 que o gasto será subvencionable se o beneficiario incorrera nel e o abonara, entre a data de presentación do programa á Comisión, ou a partir do 1 de xaneiro de 2014 se esta data é anterior, e o 31 de decembro de 2023.

O 16 de febreiro de 2015, o “Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca” foi presentado ante a Comisión, e aprobado pola Decisión de Execución da Comisión C(2015) 8118 final, do 13 de novembro de 2015.

Terceiro. O nivel de execución da Prioridade 4 do FEMP e a dispoñibilidade orzamentaria permite que os GALP poidan continuar coa implementación das estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas para o desenvolvemento sustentable das zonas da pesca, e contribuír ao obxectivo de creación de emprego e cohesión territorial.

Cuarto. Os convenios de colaboración cos grupos de acción local do sector pesqueiro prevén na súa cláusula novena a posibilidade de modificación do convenio.

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar esta addenda ao convenio de colaboración asinado o 23 de febreiro de 2016, coas seguintes cláusulas:

Cláusula primeira:

O punto 5 da cláusula décima quinta do convenio queda redactado do seguinte xeito:

5. O GALP poderá imputar os gastos de funcionamento e animación en que incorrese desde a data de selección da EDLP ata o 31 de decembro de 2022.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1.2

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro



Cláusula segunda:

O punto 2 da cláusula vixésima cuarta do convenio queda redactado do seguinte xeito:

2. O citado orzamento, dividido por anualidades e desagregado en gastos de funcionamento e animación, e axudas a proxectos, figura como Anexo I a este convenio.

Cláusula terceira:

A cláusula vixésima quinta do convenio queda redactada do seguinte xeito:

O orzamento para os gastos de xestión do GALP será de 1.428.727,07 € ata o ano 2022, co seguinte reparto por anualidades, de acordo cos datos do Anexo I:

Ano 2016: 124.186,54 €

Ano 2017: 151.023,96 €

Ano 2018: 148.617,12 €

Ano 2019: 174.246,59 €

Ano 2020: 285.745,42 €

Ano 2021: 272.453,72 €

Ano 2022: 272.453,72 €

As fontes de financiación destes créditos son: 85% do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e 15% de fondos do estado membro.

As anualidades quedan condicionadas á efectiva existencia de crédito nos respectivos orzamento xerais de cada ano.

Cláusula cuarta:

O cadro financeiro do orzamento do GALP recollido no Anexo I substitúese polo seguinte

Cláusula quinta.- Outras condicións.

En todo o non previsto expresamente nesta addenda, estarase ao establecido no convenio de colaboración asinado o 23 de febreiro de 2016.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1.2

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro



En proba de conformidade co que antecede, asíñase esta addenda ao convenio por triplicado no lugar e data sinalados ao principio.

Asinado por:

Dna. Rosa María Quintana Carballo

Dna. María del Carmen Vázquez Nores

Conselleira do Mar

Presidenta do GALP

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMP
Medida 4.1.2
Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro



ANEXO I.- CADRO FINANCEIRO DO ORZAMENTO DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

		2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
Realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP)		0,00	472.106,01	552.968,90	714.272,55	1.567.242,68	721.349,85	258.241,21	4.286.181,20
Custos de funcionamento e animación da EDLP (máximo 25%)	FUNCIONAMENTO	68.126,47	95.110,42	91.468,05	125.762,04	228.596,33	266.959,17	266.959,17	1.142.981,65
	ANIMACION	56.060,07	55.913,54	57.149,07	48.484,55	57.149,09	5.494,55	5.494,55	285.745,42
TOTAL GASTOS DE XESTIÓN (funcionamento + animación)		124.186,54	151.023,96	148.617,12	174.246,59	285.745,42	272.453,72	272.453,72	1.428.727,07

